

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**7628** *Real decreto 519/2015, do 19 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.*

O artigo 42 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece que o Goberno, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, regulará as titulacións dos profesionais do sector, no marco do sistema educativo xeral, determinando os requisitos de idoneidade e as atribucións profesionais correspondentes a cada título, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento.

O Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, establece as atribucións de cada título profesional nos buques de pesca.

Despois da súa entrada en vigor constatouse unha lagoa legal no tratamento das atribucións recoñecidas historicamente a uns titulados náutico-pesqueiros que viñan desempeñando de maneira habitual o posto de primeiro oficial de ponte en buques pesqueiros estando en posesión do título inmediatamente inferior de patrón costeiro polivalente ou de patrón de segunda clase de pesca litoral. Estes profesionais desempeñaron durante moito tempo estas atribucións con garantía de seguranza e plena profesionalidade, gozan dunha ampla experiencia laboral exercendo o posto de traballo de primeiro oficial e, por isto, considérase adecuado concederlles as atribucións necesarias para que poidan permanecer a bordo dos buques en que están enrolados.

Por outro lado, o Reino de España é parte do Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros, feito en Londres o 7 de xullo de 1995, norma que entrou en vigor o 29 de setembro de 2012 e que recoñece as situacións de feito anteriores á súa entrada en vigor, polo que se considera necesario recoñecer as atribucións cando estes profesionais xa estaban desempeñando o citado cargo no momento da entrada en vigor do referido convenio internacional.

Para levar a cabo a citada ampliación de atribucións, considérase que é adecuado introducir unha nova disposición adicional no Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.

Este real decreto someteuse a trámite de audiencia das asociacións profesionais e sindicais máis representativas dos armadores e traballadores de buques pesqueiros. Así mesmo, foron consultadas as comunidades autónomas con litoral. Igualmente, obtívose informe do Ministerio de Fomento.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xuño de 2015,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.*

Engádesse ao Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, unha disposición adicional décimo terceira, redactada como segue:

«Disposición adicional décimo terceira. *Primeiros oficiais de ponte.*

Os patróns costeiros polivalentes e patróns de segunda clase de pesca litoral que, con anterioridade ao 29 de setembro de 2012, estivesen ocupando de forma habitual o posto de primeiro oficial de ponte nun buque de pesca español tendo o título inmediatamente inferior ao necesario para ocupar o dito posto conservarán a atribución para poder enrolarse como primeiro oficial de ponte no mesmo buque en que o viñesen facendo habitualmente.

Considerarase enrolamento habitual aquel que, sendo anterior ao 29 de setembro de 2012, teña unha duración superior a tres anos no buque de que se trate. A acreditación do referido enrolamento efectuarase ante a autoridade de mariña mediante a presentación do caderno marítimo do interesado ou mediante a comprobación pola dita autoridade dos rexistros en que consten os embarques realizados polo interesado.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de norma básica de ordenación do sector pesqueiro e dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xuño de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA